H5N1 CONSELLOS PARA VIAXEIROS

Consellos para persoas que viaxen a países afectados por abrochos de gripe aviar AH5N1 en aves

Recomendacións a 2 de xullo de 2018

Non hai restricións de viaxe aos países afectados (1):

Afganistán, Bangladesh, Burkina Faso, Bután, Camboia, China, Costa Marfil, Exipto, India, Indonesia, Libia, Nepal, Nixeria, Pakistán, Togo, Vietnam.

Países con informes oficiais máis recentes sobre os brotes activos. Fonte:

http://www.oie.int/es/sanidad-animal-en-el-mundo/actualizacion-sobre-la-influenza-aviar/2015/

http://www.who.int/influenza/human_animal_interface/H5N1_cumulative_table_archives/en/

Ora ben, é conveniente atender a unha serie de consellos básicos ao viaxar a estes países:

- Evitar visitar mercados de animais e granxas de aves.
- Evitar o contacto con superficies contaminadas por feces de animais.
- Non comer ou manipular aves ou ovos pouco cocidos ou crus.
- Non traer ningún animal vivo ao regreso.
- Non recoller ou tocar paxaros mortos ou que están morrendo.
- Procurar lavar frecuentemente as mans.

Ademais, se nos dez días seguintes ao regreso ten síntomas respiratorios acompañados de febre (> 38°C), non se esqueza de recordarlle ao médico os antecedentes de viaxe.

Para máis información consultar:

http://www.sergas.es/Saude-publica/Gripe-H5N1

http://www.msssi.gob.es/ciudadanos/enfLesiones/enfTransmisibles/gripeAviar/home.htm

(1) Nos países da UE onde se confirman casos de gripe aviar en aves aplícanse medidas veterinarias especiais de emerxencia nun perímetro o redor do foco entre 3 a 10 km. A xente que viaxa a estas zonas debería evitar o contacto con paxaros mortos ou enfermos e tamén cumprir con calquera das restricións e normas impostas durante o período que se estipule. Estas medidas reláxanse cando o control e as medidas de prevención son aplicadas satisfactoriamente na área afectada.